

ILUSIONARTE

CURSO 2021/22

CEIP CANOSA-RUS

CÓDIGO CENTRO:

15002670

Contido

Contenido

Introdución 2
Empezamos polo final: FEIRARTE 2
Como se chegou a FEIRARTE 3
Os protagonistas 4
Pinceladas que se realizaron polo camiño 4
O que está detrás de todo 7
- Escoller o PDI. 7
- Bibliografía 8
- Centrándonos nos obxectivos 8
- As competencias. 9
- Xuntanzas entre o profesorado 10
- As familias. 10

Difusión das actividades 10
Avaliación 10
A modo de reflexión 12

1. *Introdución*

O premio Nobel **George Bernard Shaw** dixo: "Sen a arte , a crueldade da realidade faría que o mundo fose insoportable". Despois de dous anos de pandemia, este PDI foi sen dúbida un acerto.



2. *Empezamos polo final: FEIRARTE*

O 26 de maio levouse a cabo o produto final do noso PDI Ilusionarte: FEIRARTE. Este consistía en crear un ambiente de feira onde os postos mostrasen moito do que levamos aprendido.

- O alumnado de PT e AL elaborou a invitación para ese día, onde se pedía ás familias a confirmación da asistencia.
- Deseñouse un pasaporte para percorrer a feira así como un plano para percorrer as distintas casetas. Este entregábaselle ás familias nada máis chegar. En cada caseta os nenos/as cuñaban o pasaporte e, á saída, agasallábamolas cunha obra de arte realizada polo noso alumnado e cun marco realizado na impresora 3D.

- Todos os postos estaban debidamente sinalizados cos nomes que levaban no pasaporte. Neles convidábase ás familias a participar e a desfrutar da arte connosco. En cada zona había actividades distintas, tales como: mestura de cores, montaxe dun Guernica, pintado con "canicas", estampado de follas en bolsas de

tea, debuxo ao natural dunha paisaxe, pintado con cristais de sal, pintado de bambú para poñer códigos QR que contiñan explicacións sobre plantas medicinais.... Tamén empregamos os escornabots, ozobots e a impresora 3D en distintos xogos relacionados coa arte, por exemplo: descubrimos oficios tradicionais, rescatamos obras de arte realizadas coa impresora 3D ....Foi o día en que puidemos observar como modelan ou pintan os nenos/as, como debuxan con diferentes técnicas ... Tivemos ocasión de coñecer a arte exipcia, resolver xeroglíficos, descubrir varios faros do mundo, ver maquetas destes faros e doutras obras de arte, tocar con distintos instrumentos musicais realizados con material de refugallo, escoitar podcast e cantigas, ver vídeos sobre o 25N, sobre os dereitos LGTBI..... Nos valados colgamos composicións de cadros famosos pero coas imaxes dos nenos e algún había que nos trasladaba ás pinturas murais do Concello de Carballo.

- Entre posto e posto, e para descansar de pintar, debuxar, crear... había cestos con libros e cadeiras onde podías descansar, botarlle unha ollada a algún dos libros que utilizamos no PDI ou ler en Braille. O resultado pódese ver nesta ligazón.

3. *Como se chegou a FEIRARTE*

A posta en marcha de Feirarte trázase a través dunha "gamificación". Unha carta e un cesto con libros, cadros, casas feitas coa impresora 3D con murais pegados, material para crear , pintar …foi o punto de partida. Un par de días despois desapareceu parte do contido dos cestos e con el chegou o primeiro reto.

- PRIMEIRO RETO: Investigar e coñecer distintas obras de arte e crear a figura do ladrón. Mediante un audio un "descoñecido" conta que nos roubou do cesto algunha obras de arte porque non as coñecemos, nin as coidamos…Advírtenos que se as queremos recuperar temos que investigar e crear unha escultura ou debuxo de nos imaxinamos que vén sendo el ou ela.

- SEGUNDO RETO : Durante o primeiro trimestre, cada mestre conduciu o PDI como considerou e fóiselle devolvendo os obxectos de distinta maneira. Así, houbo quen mandaba cartas a miúdo para introducir cada actividade do PDI, quen o integrou noutra gamificación de aula… Para que continuase a aventura, o Grinch aparece no vídeo de Nadal (2 min. 20seg.) para felicitalos polo seu progreso, deixarlle material para seguir traballando e animalos a seguir investigando.
- TERCEIRO E ÚLTIMO RETO: Neste último vídeo explicáselle que o ladrón nunca foi tal, senón que se trata dun grupo de persoas que traballan para coidar e divulgar a arte e anímaos a que lle ensinen ás familias todo o que eles aprenderon organizando unha FEIRA. Este grupo de "amantes da arte" agradece todo o traballo realizado polos nenos/as ao longo do curso.

4. Os protagonistas

Toda a comunidade educativa participou neste PDI igual que a totalidade do alumnado.

5. Pinceladas que se realizaron polo camiño

❖ *Coñecendo oficios que son arte*

Pais e nais que tiñan habilidades nalgún oficio galego achegáronse ao colexio para facer pequenos obradoiros. A elaboración dun cesto de vimbio e o "gancho" teñen moito de arte. Tamén nos ensinaron distinta técnicas de debuxo. Estes obradoiros foron para 3º, 4º, 5º e 6º.

❖ *Deixando pegada*

As familias tiveron a iniciativa de levar a cabo unha actividade que consistía en pintar un mural entre todos os nenos e nenas do colexio tendo por temática a igualdade.

❖ *Obradoiro con Anxo Moure*

Dentro do programa Lectura e familias, Anxo Moure convidou ás familias a plantar un acivro nunha bota e a escoitar os seus contos relacionados coa natureza. A bota foi decorada coa técnica de LandART.

❖ *Obradoiro con Beatriz Fraga*

Beatriz Fraga, coa axuda do seu conto Lica, presentou un obradoiro onde máis de cen persoas xogaron coas formas e crearon animais e outras criaturas fantásticas.

❖ *Detalles coa impresora 3D ou coa máquina de facer chapas*

Aquelas familias e outras persoas que colaboraron co PDI agasallóuselles cun obxecto feito coa impresora 3D ou cunha chapa realizada coa máquina mercada recentemente.

❖ *Feito con xeito*

Dentro de FEIRARTE houbo un posto onde se realizaron as seguintes actividades con material de robótica co que conta a nosa biblioteca.

✓ RECUPERANDO OFICIOS QUE SON ARTE. A través de pistas (utiliza unha zafra, úsase cando se apaña as patacas..) e con axuda do escornabot as familias tiñan que adiviñar eses oficios que son considerados arte (ferreiro, cesteiro...). Se o acertaban os nenos cantábanlle unha cantiga.

✓ SALVANDO OBRAS DE ARTE. Utilizando o ozobot como unha nave, as familias tiñan que levalo ata a obra de arte indicada. O alumnado presentáballe a actividade explicando que uns ladróns roubaran as obras de arte e que as familias tiñan que rescatalas do espazo a través de pistas (foi unha raíña, pintouno nun manicomio, era o cadro máis pequeno do mundo...). Todas obras estaban realizadas coa impresora 3D.

❖ *Pintando árbores con pinceis*

O alumnado de 5º e 6º de primaria pintou un mural, deseñado por eles, cunhas pinturas especiais que segundo nos informaron, facían o mesmo efecto que plantar un determinado número de árbores (é dicir, absorben dióxido de carbono). Con este mesmo tipo de pinturas, o alumnado de 3º e 4º decorou bolsas de tea.

❖ *Oficios tradicionais*

Realizouse un obradoiro para todos os nenos e nenas do colexio cun oleiro de Buño. Este explicoulle o seu traballo e coa axuda do torno, foi modelando distintas pezas. Todos o alumnado puido crear as súas utilizando moldes moi variados.

Contamos tamén coa regueifeira Lupe Blanco que introduciu aos nosos alumnos/as na arte da regueifa.

❖ *Ambientación.*

O colexio ambientouse con obras que se foron realizando durante o curso: cos ladróns da gamificación, cun mural de xiz situado na biblioteca, con cadros realizados nas aulas, con esculturas...

❖ *Certame literario*

Desde EDLG promóvese nun concurso literario que ten varias modalidades: banda deseñada, poesía, narrativa, debuxo... Os premiados foron agasallados, entre outras cousas, cunha chapa deseñada polo alumnado de sexto que tiña como temática as Letras Galegas.

O que está detrás de todo

➢ Escoller o PDI.

Profesorado e alumnado escolle o PDI. As mestras propoñen, faise unha votación e os tres máis votados son despois propostos aos nenos e nenas.

Este ano os tres propostos eran: Do prato á mesa, Deportes e Arte. Trala votación, este último foi escollido por maioría (sufraxio universal e secreto).

- Que arte traballar.

Todas as artes podían ser traballadas . Houbo mestras que querían traballar cancións e instrumentos e estes relacionaríanse co menú de fin de mes do comedor, acompañados de cadros para decorar o mesmo; outros preferían

dedicarse só á pintura ; había quen quería traballar a pintura centrándose soamente nos murais pintados en edificios de Carballo. A escultura decidiuse que se traballaría durante todo o curso e en todos os niveis. A danza traballaríase desde música e educación física (muiñeira). A arquitectura gustaba nos cursos máis altos. Como eran moitas as ideas e as propostas, decidiuse argallar unha gamificación, anteriormente explicada, na que tivesen cabida todas as artes.

- Bibliografía

Nun andel da biblioteca colocamos a bibliografía seleccionada. Tamén nos axudamos do saber popular para recoller refráns e cantigas.

- Centrándonos nos obxectivos

- Potenciar o uso de metodoloxías activas e da gamificación a través do PDI e facilitar a súa integración na aula.
- Atender á diversidade ordinaria e do alumnado con NEAE nun contexto de inclusión.
- Recoñecer e apreciar as características das artes e das producións artísticas.
- Valorar o patrimonio cultural a través da arte.

- Coñecer obras de arte salientables, galegas, locais e de relevancia mundial mediante a investigación.
- Utilizar recursos artísticos para comunicar emocións, ideas ou feitos.
- Valorar as distintas manifestacións artísticas como fonte de crecemento persoal e opción de lecer.
- Coñecer a arte da comarca.

- As competencias.

· *Competencia en ciencias, matemáticas e tecnoloxía,* coa realización de bosquexos, medicións, creación do plano da feira e dos postos, simetrías de obras de arte ou de fotos, escalas, composicións xeométricas…e uso dos escornabots e ozobots.

- *Comunicación lingüística*, a través de lectura, busca de información, creación de anuncios, produción doutros textos que se precisen, coloquios, exposición de Feirarte, creación dos pasaportes, aprendendo cantigas que se transmiten oralmente…

· *Competencia dixital,* mediante o uso do procesador de textos, realización de vídeos, fotografía, presentacións dixitais, anuncios na radio...

· *Competencias sociais e cívicas,* traballando coa metodoloxía de aprendizaxe cooperativa e valorando o traballo dos demais así como dos artistas.

· *Conciencia e expresións culturais* coñecendo e interpretando as actividades artísticas do noso patrimonio e universais.

· *Aprender a aprender,* buscando e seleccionando información, establecendo relacións entre distintas fontes, resumindo, explicando, contrastando a información e coñecendo as *fake news*…

· *Sentido da iniciativa e espírito emprendedor*, a través de creación propias, individuais ou de equipo e de todo o que se realizou en FEIRARTE.

- Xuntanzas entre o profesorado

No último claustro do curso pasado xa quedou decidido o PDI a traballar neste curso. A partir de setembro, nas reunións de biblioteca, démoslle algo de forma e metíase no forno. Nas CCP, comentábase e decidíase o que ía saíndo do forno.

Destacamos a participación da totalidade do claustro neste proxecto.

- As familias.

As familias participaron a través das mochilas viaxeiras traendo o calcetín decorado para que calzase LEOTECA, a mascota da biblio. Colaboraron nos obradoiros de artes esquecidas ou nos de lectura e familias, na achega de refráns e acudindo en gran número a Feirarte.

Difusión das actividades

As actividades foron difundidas a través da páxina web da biblioteca, da canle de Ivoox e de boca en boca.

Avaliación

Enviáronse dous cuestionarios a través da rede, un para familia e alumnado e outro para mestres, dentro do cuestionario xeral de PLAMBE.

Enquisa para as familias













Enquisa para o profesorado









A modo de reflexión

Ilusionarte naceu entre a incerteza dun curso pandémico e a esperanza de que rematase axiña. Nuns tempos, nos que os grupos burbulla marcárono todo, intentouse traballar conxuntamente. A arte é unha maneira de expresión que axuda a mostrar como somos e como nos sentimos. Así, ILUSIONARTE, foi para moito alumnado un recuncho de calma e ilusión. Con este PDI regresamos, por momentos, a esa biblioteca anterior á pandemia.

Como dixo Dalí: "Non teñas medo a perfección, nunca a alcanzarás." Este é o noso PDI Ilusionarte.